



Polo soterramento da liña eléctrica de Monte Porreiro aplicando o principio de precaución.

De acordo coas novas recollidas nos medios de comunicación, o Concello de Pontevedra iniciou o soterramento da liña de alta tensión de Monteporreiro, unha actuación demandada polos veciños e veciñas daquela zona e pola propia APDR. É por esta razón que queremos matizar algunhas cuestións ao respecto.

A demanda de soterramento veu xustificada sempre na necesidade de protexer a saúde da poboación, na medida que diminúa o nivel de exposición á contaminación electromagnética. Neste sentido, os soterramentos das liñas de alta tensión só serán eficaces se son quen de rebaixar a exposición ata niveis admisíbeis de contaminación. E chegados a este punto, convén lembrar que o [Informe Bioinitiative](#) (revisión do 2007 de máis de 1.500 estudos científicos sobre campos electromagnéticos) que considera “**inseguros**” os actuais límites de protección aos campos electromagnéticos (reflectedos no Real Decreto 1066/2001) e documenta a relación entre esta contaminación invisíbel dentro dos límites legais e certas enfermidades como a leucemia infantil, foi apoiado pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#), dando base científica aos aspectos proteccionistas das **declaracións do Parlamento Europeo de 2008 e 2009**, que cuestionan estes límites legais por consideralos “**obsoletos**” e porque “**non abordan a cuestión dos grupos vulnerábeis**” e solicitan reducir a exposición “ao mínimo”, con especial atención aos efectos biolóxicos e as zonas con poboación vulnerábel.

Desde a APDR lembramos as continuas chamadas á cautela dos colectivos que integramos a Coordinadora Provincial contra a Contaminación Electromagnética de Pontevedra (asociacións veciñais como a Federación Castelao, grupos ecoloxistas como a propia APDR ou Luita Verde, ANPAS e colectivos de persoas afectadas), que en xuño de 2009 apoiamos un [manifesto estatal](#) que cuestiona os límites estatais (100 μ T) e **chama a fixar niveis inferiores a 0.1 μ T** propostos polo Informe Bioinitiative para os campos de moi baixas frecuencias (liñas de alta tensión, subestacións, transformadores, ...), como forma de compatibilizar tecnoloxía e saúde.

Non todas as solucións técnicas para o soterramento das liñas de alta tensión permiten minimizar os niveis de contaminación; neste sentido, indicar a importancia de ao menos: primar o cable trenzado (anulación das ondas entre si), evitar os tendidos de cables en paralelo (aumentan o campo electromagnético) e buscar o equilibrio do amperaxe entre as distintas fases (o seu desequilibrio pode aumentar espectacularmente a exposición). **De non ter en conta criterios como estes, poida que o remedio sexa peor que a enfermidade**

Pontevedra, 30.03.10

Xulio Carmona Barros, pola xunta directiva da APDR